

Acta Reunión Ordinaria Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 30 de xullo de 2019

Hora: 12:35

Lugar: Sala de Xuntas 3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Julia González Álvarez

Francisco Omil Prieto

M^a Carmen Palacios Oubiña

José Ramón Ríos Viqueira

José Varela Pet

Ausencia Xustificada:

José Carlos Cabaleiro Domínguez

David López Vilariño

David Losada Carril

Anuska Mosquera Corral

Puntos a tratar:

1. Aprobación de actas de reunións anteriores
2. Informes
3. Aprobación do Sistema de Garantía de Calidade
4. Guías de comezo do curso 2019-20
5. Quenda aberta

Con anterioridade ao comezo da xuntanza, o Director felicita aos coordinadores do Máster en Enxeñaría Ambiental e do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos pola recente inclusión destas dúas titulacións na edición 2019/2020 do ranking “250 Máster” elaborado polo diario El Mundo.

1. Aprobación de actas de anteriores reunións.

Ficaban pendentes de aprobación as actas da reunión ordinaria do 22 de novembro de 2018 e da xuntanza extraordinaria do 14 de maio de 2019. A profesora Julia González sinala o erro que detectou ao comezo da segunda destas actas: en vez da expresión “Coordinadora do Grao en Enxeñaría Informática” debería figurar “Coordinadora do Grao en Enxeñaría Química”. Feita esta corrección, apróbanse por asentimento ambas actas.

2. Informes.

O Director quere deixar constancia de varias cuestións. En primeiro lugar, en relación co acordado na última reunión da Comisión de Calidade relativo á revisión da Normativa sobre autoría de traballos prácticos da ETSE, informa de que o grupo de traballo especificamente constituído ven de rematar o seu labor. A proposta emitida haberá de ser ratificada pola Comisión de Calidade no mes de setembro.

De seguido, o Director aporta información de última hora sobre matrícula de novo ingreso nas titulacións de grao adscritas á ETSE. O acceso ao GrEQ e ao GrEI quedou pechado logo do segundo chamamento, tal e como amosa aos presentes en detalle. Posiblemente, no Dobre Grao en Enxeñaría Informática con

Matemáticas matricularonse 13 estudantes. A súa impresión é que as notas de corte publicadas en prensa acabarán sendo definitivas: 12,94 no Dobre Grao e 10,90 no GrEI, por unha banda e 6,45 no GrEQ, pola outra. Este último dato resulta sorprendente e haberá de ser analizado axeitadamente.

En canto ás charlas de docencia programadas nos meses precedentes, o Director amosa o informe que elaborou para anexar á acta desta reunión. Á vista da participación acadada, considera difícil que esta actividade poida obter o recoñecemento do PFID da USC.

Para rematar, o Director indica que o Plan Executivo de Calidade da ETSE foi premiado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC, ao ser recoñecido na convocatoria de 2019 como unha experiencia de boas prácticas. Quedará incorporado ao Repositorio de boas prácticas da ACMP, dentro da gran área de Enxeñaría.

3. Aprobación do Sistema de Garantía de Calidade.

O Sistema de Garantía de Calidade da ETSE consta de dous manuais, o Documento marco e o Manual de procesos de centro. O Director describe brevemente a estrutura de ambos documentos e sinala que nesta nova versión procurouse a máxima simplicidade, incluíndo referencias a arquivos externos sempre que fora posible. Agora os dous manuais deben ser verificados pola ACMP e, de ser aprobados, haberán de levarse a Xunta de Escola, de xeito que poidan ser xa adoptados no curso 19/20. O Director considera que na nova versión logrouse gran proximidade entre os documentos e a realidade do que se fai na Escola. Finalmente, os manuais quedan aprobados por asentimento.

4. Guías de comezo do curso 2019-20.

A guía para estudantes e o calendario específico para o curso actual se publican na web da ETSE dende hai anos, mais nunca se trouxeran á Comisión de Calidade. O Director considera que isto debe cambiar para deixar constancia da súa aprobación polo órgano competente. Os documentos foron achegados aos membros da Comisión con anterioridade e, unha vez corrixidos os erros detectados, serán difundidos no xeito habitual. Apróbase a súa proposta por asentimento.

5. Quenda aberta.

Non hai intervencións.

Non habendo máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 13:00 h.